



O PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2015-2020.

IV. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020.

IV.1. Introducción

O Plan Estratégico de Galicia (PEG) 2015-2020 ten por obxectivo xeral impulsar o crecemento económico fomentando un modelo de crecemento económico baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico e facendo da nosa Comunidade un territorio máis atractivo para traballar, investir e convivir.

Ademais, é unha ferramenta para impulsar e coordinar as distintas estratexias sectoriais da Xunta a medio prazo e ao mesmo tempo favorecer os valores diferenciais de Galicia promovendo a especialización, a calidade e a mellora do valor engadido dos seus produtos.

O Plan presenta catro características a destacar:

- A súa elaboración, execución e seguimento baséase nun modelo de asociación entre a Xunta e os diferentes axentes sociais da Comunidade Autónoma.
- Un deseño en base a unha lóxica de intervención empregando a teoría do cambio, é dicir os obxectivos estratéxicos indican o cambio que perseguen para dar resposta aos diferentes retos que enfronta a Comunidade Autónoma identificados a partir dun diagnóstico da situación socioeconómica.
- Presenta a finalidade de facilitar a reorientación dunha xestión pública autonómica encamiñada a resultados que se plasma nos plans e programas de gasto das distintas Consellerías e que recollen os obxectivos e indicadores do Plan.
- Conta cun plan de avaliación e seguimento que establece os compromisos de seguimento das actuacións e dos resultados acadados a través de indicadores de produtividade e de resultado, respectivamente. Así mesmo, establece a realización de avaliacións de determinadas políticas públicas durante a execución do Plan. O seguimento e avaliación do Plan permitiría propoñer a súa reformulación se fose preciso.

Para acadar os obxectivos centrais do PEG, desenvólense as prioridades de actuación e os obxectivos estratéxicos que se agrupan en catro eixes de actuación máis un instrumental. Ademais, o plan integra os principios horizontais de asociación e gobernanza, promoción da igualdade de homes e mulleres e non discriminación e desenvolvemento sustentable. Por outra parte, todo o plan constrúese coa finalidade de avanzar en catro obxectivos transversais que abranguen a todos os eixes de actuación:


- Colaborar a mudar a actual dinámica demográfica.
- Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.
- Fomento do emprendemento e internacionalización en todos os campos.
- Impulso da cultura da innovación.

En definitiva, o Plan Estratégico 2015-2020 está estruturado en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratéxico / obxectivo instrumental. O PEG consta de 5 eixes prioritarios, 20 prioridades de actuación, 74 obxectivos estratéxicos e 21 obxectivos instrumentais. Para a medición da realización acadada dos obxectivos operativos conta con 194 indicadores de produtividade clave, coa súa desagregación por xénero cando procede. Por outro lado, para a análise da consecución dos obxectivos previstos hai 135 indicadores de resultado.

O seguinte cadro mostra unha representación esquemática dos eixes, obxectivos transversais e principios horizontais da estratexia do PEG 2015-2020.

A representación esquemática da estrutura do plan sería a seguinte.

Gráfico 25: Estrutura do PEG 2015-2020



Fonte: Consellería de Facenda

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2020 DO PLAN ESTRATÉGICO 2015-2020

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2020 rexeuse pola cobertura das necesidades de funcionamento dos servizos públicos e polas prioridades de investimento atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do PEG 2015-2020.

En efecto, realizouse un encaixe da estrutura orzamentaria co PEG aos efectos de priorizar investimentos segundo a lóxica de intervención establecida no Plan. Ademais, o PEG integra a programación de fondos europeos do período 2014-2020.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG a nivel rexional en materia de crecemento e converxencia económica, emprego, I+D+i, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica, que a súa vez, inclúen e complementan os indicadores da Estratexia Europa 2020, ampliando o rango nalgún dos ámbitos. Estes retos de cara ao ano 2020 son:

- Crecemento medio anual do PIB superior ao 2,5% en termos reais.
- Converxer, en termos de PIB per cápita, 5 puntos con España ata acadar un 92,7% da media estatal. Coa Unión Europea o obxectivo é converxer 8 puntos, en torno aos niveis de converxencia acadados antes do comezo da crise económica, o que significa situarse no 87% do PIB per cápita da UE expresado en paridades de poder adquisitivo.
- Elevar o peso das exportacións no PIB ata o 40%.
- Acadar unha taxa de emprego do 70% para a poboación de entre 20 e 64 anos, obxectivo coherente con crear en torno a 100.000 postos de traballo e baixar a taxa de paro preto do 10%.
- Investir un 1,7% do Produto Interior Bruto (PIB) na investigación e o desenvolvemento, duplicando a porcentaxe dos últimos anos.
- Reducir a taxa de abandono escolar a menos do 13,5% e aumentar ata o 47% a porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos con estudos superiores.
- Reducir nun 35% as emisións de carbono respecto dos niveis de 2005 (equivale a reducir un 20% respecto a 1990), situar nun 30% o uso das enerxías renovables, e aumento do 20% na eficiencia enerxética que se equipara coa redución nun 20% da intensidade enerxética final respecto ao ano 2005.
- Reducir entre 90.000 e 100.000 o número de persoas en situación o risco de pobreza ou exclusión social o que implica situar a taxa de risco de pobreza ou exclusión social no 20%.

Cadro 16: Retos do PEG 2015-2020 e Obxectivos da Estratexia "Europa 2020"

RETOS DO PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2015-2020		Obxectivo 2020		
		Galicia	España	Unión Europea
1. Actividade económica e converxencia	Crecemento medio anual do PIB real (%)	2,5		
	Converxencia coa Unión Europea (UE28=100)	87,0		
	Converxencia con España (España=100)	92,7		
	Peso das exportacións no PIB (%)	40,0		
2. Emprego	Creación de emprego (miles de ocupados)	100,0		
	Taxa de ocupación da poboación de 20 a 64 anos (%) (*)	70,0	74,0	75,0
	Taxa de paro (%)	10,3		
3. I+D+i	Gasto en I+D+i sobre o PIB (%) (*)	1,7	2,0	3,0
4. Educación	Taxa de abandono escolar temperán (%) (*)	13,5	15,0	10,0
	Porcentaxe de persoas de 30 a 34 que acadaron estudos terciarios (%) (*)	47,0	44,0	40,0
3. Cambio climático e sustentabilidade enerxética	Emisións de gases efecto invernadoiro (1990=100) (*)	20,0	20,0	20,0
	Porcentaxe de enerxías renovables (%) (*)	30,0	20,0	20,0
	Aumento da eficiencia enerxética (%) (*)	20,0	20,0	20,0
5. Loita contra a pobreza e a exclusión social	Persoas en risco de pobreza e exclusión social (nº) (*)	95-100 mil	1,4-1,5 millóns	20 millóns

(*) Obxectivos principais da Estratexia Europa 2020

Estes obxectivos están relacionados entre si e poténcianse mutuamente:

- As melloras educativas contribúen a empregabilidade e a redución da pobreza.
- O crecemento das inversións en I+D e en innovación na economía, unidas aos recursos máis eficaces, farán crear máis emprego e ser máis competitivos e produtivos.
- Investir en tecnoloxías máis limpas combate o cambio climático e crea novas oportunidades de negocios e emprego.

O importe asignado no Orzamentos xerais para o ano 2020 ascende a 10.179,5 millóns de euros, cifra na que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (Programa de gasto 911A). A asimilación da orzamentación no 2020 á estrutura do PEG resúmese no cadro seguinte:

Cadro 17: PEG 2015-2020 no Orzamento 2020

Eixes e Prioridades de actuación	Importe	% total	% eixe
E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	3.205.612.605	31,5	
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	189.593.054	1,9	5,9
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	210.892.603	2,1	6,6
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	274.461.244	2,7	8,6
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	279.781.060	2,7	8,7
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.250.884.644	22,1	70,2
E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	5.209.580.842	51,2	
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	4.132.581.054	40,6	79,3
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	441.575.398	4,3	8,5
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	454.115.587	4,5	8,7
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	148.066.003	1,5	2,8
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	33.242.800	0,3	0,6
E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes	1.078.325.673	10,6	
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	645.423.611	6,3	59,9
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	79.392.271	0,8	7,4
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	73.835.909	0,7	6,8
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	223.373.291	2,2	20,7
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	56.300.591	0,6	5,2
E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	526.670.142	5,2	
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	235.448.570	2,3	44,7
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	51.831.768	0,5	9,8
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	239.389.804	2,4	45,5
E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	159.283.888	1,6	
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	13.057.753	0,1	8,2
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	146.226.135	1,4	91,8
Total	10.179.473.150	100,0	

Fonte: Consellería de Facenda

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á "Memoria de Obxectivos e Programas" contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores de produtividade asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e eficiencia das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020 (PEG 2015-2020).

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (en adiante PEG) para o ano 2020 ascende a 10.179,5 millóns de euros, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitado (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A).

A distribución por eixes, manifesta unha vez máis, que son os gastos destinados á Benestar das persoas e as familias e á Cohesión social, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, xunto á mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación e o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes. Así mesmo recolle a promoción da igualdade de oportunidades dos homes e mulleres galegas, ofrecendo ás persoas que se atopan con especiais dificultades os recursos e servizos que lles garantan a súa inclusión social. Ascende este eixe a 5.209,6 millóns de euros, e representa o 51,2% do total do PEG.

En segundo lugar está a aposta pola empregabilidade e o crecemento intelixente, o eixe I, cun orzamento total de 3.205,6 millóns de euros, o 31,5% sobre o total. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitan integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento. Ademais destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, o apoio á artesanía, a regulación sectorial e a protección da competencia. Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas e dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda, son tamén prioridades de actuación neste eixo.

Atopa así mesmo reflexo neste eixe, os gastos dirixidos ao mercado de traballo, coa finalidade de aumentar a empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a través da formación e innovación constante. Por outro lado, minimizar o fracaso escolar e aliñarse en resultados coas rexións líderes de Europa en tódolos niveis e impulsar o SUG cara á excelencia, son os principais retos aos que ten que facer fronte o sistema educativo, prioridade de actuación (PA) que representa o 22,1% do eixe.

O eixe 3 destinado a impulsar un crecemento sustentable, ao territorio e á agricultura, montes e mar, presenta un orzamento de 1.078,3 millóns de euros, o 10,6% do total, céntrase fundamentalmente en fomentar un sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.

Tamén neste eixe se inclúen os gastos dirixidos a fomentar unha economía baixa en carbono e unha enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe.

A potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados e a conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e a cohesión territorial son prioridades de actuación dentro do eixe.

Por último, establécese o reto de pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

O eixe 4 presenta un importe de 526,7 millóns de euros, o 5,2% do total. Inclúe a consolidación dun modelo de crecemento vinculado á economía dixital, a través da mellora no uso e na calidade das TICs e no acceso ás mesmas.

Inclúese tamén neste eixe o orzamento para apoiar á industria cultural e de medios, como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información, así como para a conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia e o impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.


O eixe 5, alcanza os 159,3 millóns de euros e o 1,6% do orzamento. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración moderna, eficiente e de calidade, baseada nunha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público e unha administración transparente, eficiente e orientada a resultados..

Cadro 18. Distribución orzamento 2020 por eixes do PEG

Eixes	Importe	% total
E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	3.205.612.605	31,5
E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	5.209.580.842	51,2
E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	1.078.325.673	10,6
E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	526.670.142	5,2
E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	159.283.888	1,6
Total	10.179.473.150	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 26: Distribución orzamento 2020 por eixes do PEG



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 1: EMPREGABILIDADE E CRECEMENTO INTELIXENTE.

Este eixe recolle un modelo integral de desenvolvemento que ten como fin principal que no 2020 se superen os postos de traballo destruídos pola crise. Esta situación acadaríase en base a unha modernización integral do sistema produtivo baseada na innovación e no coñecemento sen descoidar os sectores produtivos tradicionais.

As rexións europeas están obrigadas a competir en base á tecnoloxía, deseño e innovación de xeito continuado se non queren ver deslocalizada a súa produción a países de baixos prezos.

Para iso, debe implantarse a cultura da innovación en todos os eidos socioeconómicos de Galicia, de xeito que, a través dun proceso que non será inmediato, se normalice o proceso innovador como un máis dentro da cadea de produción, o que suporá unha auténtica revolución na formulación dos sistemas produtivos e de xestión e venda, pero tamén unha importante fonte de xeración de nichos de emprego agora inexistentes.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2020 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro IV:

- a) PA I.I. Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.
- b) As principais actuacións nesta PA son: Conecta PEMES, INOVA en Galicia, Proxecto CIVIL UAVS INITIATIVE e o impulso a centros tecnolóxicos, organismos de investigación e centros singulares do SUG, .

- c) PA I.2. Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.
- d) As principais liñas de actuación serán as liñas de préstamos do IGAPE, o impulso dos instrumentos financeiros, as axudas ao investimento produtivo, as axudas para procesado, comercio e desenvolvemento de produtos agrícolas e inversión en activos fixos.
- e) PA I.3. Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.
- f) Entre as actuacións desta PA destacan as seguintes: formación prioritaria a desempregados, escolas obradoiro e obradoiros de emprego, fomento do emprego en centros especiais de emprego, programas integrados para o emprego, fomento do traballo autónomo e do emprendemento, programas de adquisición de experiencias profesionais para desempregados, información, orientación e busca de emprego,...
- g) PA I.4. Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda.
- h) As principais actuacións contemplan a conservación ordinaria da rede viaria e a vialidade invernal, reforzo de firmes e actuacións en travesías, conexión co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, programa REXURBE, sendas peonís e ciclistas para fomentar a mobilidade urbana e interurbana sostible, mellora da seguridade viaria, conexión co polígono industrial de San Cibrao das Viñas, conexión Nacional VI coa AP9, integración paisaxística do Camiño de Santiago,...
- i) PA I.5. Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia.
- j) Cómpre resaltar nesta PA as seguintes actuacións: programas de mellora da aprendizaxe e rendemento e programas de diversificación curricular, ciclos formativos de grao medio da formación profesional, plan para o fomento da educación dixital, mellora funcional, integración e sinalética dos centros públicos de ensino, reparacións, ampliacións e melloras nos centros públicos de ensino, construción de novos centros de ensino, mellora da eficiencia enerxética nos centros de ensino,...


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2020 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 19: Gasto orzamentario 2020 Eixe I

E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	Importe	% total	% eixe
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	189.593.054	1,9	5,9
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	210.892.603	2,1	6,6
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	274.461.244	2,7	8,6
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	279.781.060	2,7	8,7
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.250.884.644	22,1	70,2
Total	3.205.612.605	31,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 27: Distribución gasto orzamento 2020 do Eixe I por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL.

A dinámica demográfica de Galicia fai que a mellora das políticas de benestar sexan cada vez máis indispensables para colaborar na calidade de vida dunha poboación de máis idade.

Do mesmo xeito as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a invertir a dinámica demográfica de Galicia.

Por último resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dun amplo colectivo que foi o máis desfavorecido pola crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.

Mención especial compre facer ás políticas de igualdade que se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero de be estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción específicas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2020 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro V:

- a) PA 2.1. Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.
- b) As actuacións máis relevantes en termos de gasto financeiro desta PA son o gasto en farmacia (receitas médicas), completar as dotacións do novo hospital de Vigo, equipamento sanitario, as urxencias sanitarias 06 I, proxectos TIC, programa galego de vacinación e actuacións en centros de saúde, entre outras.
- c) PA 2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.
- d) En 2020 as partidas máis importantes corresponden aos programas de atención á dependencia, o apoio á mobilidade persoal, funcionamento de centros públicos para persoas maiores dependentes, servizos e recursos da rede galega de atención temperá, realización de programas con federacións de atención a discapacitados, redes de apoio a persoas no rural, a adaptación de infraestruturas sociais ás novas tecnoloxías e asesoramento e formación para persoas con discapacidade.
- e) PA 2.3. Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.
- f) As principais actuacións desta prioridade son o gasto en transporte escolar e nos comedores escolares, medidas para conciliación e dinamización demográfica, programas para familias e menores, centros e programas de menores infractores e actuacións de investimento en centros de atención á primeira infancia e casas niño, axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, plan integral de aprendizaxe de idiomas estranxeiros, servizo integrado de transporte.
- g) PA 2.4. Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retomar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero.

- h) Nesta PA as actuacións con maior importe son: renda de integración social de Galicia (RISGA), axudas específicas en inclusión social, Plan concertado de prestacións sociais básicas, pacto de estado contra a violencia de xénero, accións de prevención da violencia de xénero, axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero, promoción do autoemprego e do emprego da muller,...
- i) PA 2.5. Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.
- j) As liñas de actuación nesta PA promoverán a construción de vivendas de promoción pública, por outra parte promocionarase o alugueiro a través de axudas como o bono alugueiro, o programa de axuda ao aluguer, as axudas á mocidade e o programa de fomento do parque de vivendas en alugueiro; tamén se realizarán actuación de adquisición de solo residencial e construción de vivendas.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2020 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 20: Gasto orzamentario 2020 Eixe II

E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	Importe	% total	% eixe
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	4.132.581.054	40,6	79,3
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	441.575.398	4,3	8,5
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	454.115.587	4,5	8,7
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	148.066.003	1,5	2,8
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	33.242.800	0,3	0,6
Total	5.209.580.842	51,2	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 28: Distribución gasto orzamento 2020 do Eixe II por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

Todo este eixe ten un denominador común, a posta en valor do potencial medioambiental da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario como panca de crecemento.

O medio natural de Galicia, incluíndo as súas augas, constitúen un ben sen o que non se pode entender a nosa Comunidade Autónoma e que conta cun amplo percorrido de posibilidades para a súa posta en valor.

Por un lado, dende un punto de vista turístico, sector cun amplo futuro en continuo cambio, no que a nosa comunidade autónoma debe salientar as súas fortalezas para compensar a súa localización e clima fronte as principais prazas europeas. Por outro lado, no que atinxe a un sector agropecuario e forestal cun bo produto e amplo percorrido para xerar valor engadido en torno a el, o mesmo acontece coa pesca e a acuicultura e a industria transformadora.

Por último, Galicia produce o 10% da enerxía nacional. En consecuencia, as posibilidades das novas fontes de enerxía, abren un horizonte no que traballar para mellorar o mix enerxético e mesmo para crear unha industria en torno a determinadas enerxías renovables tanto tradicionais como a eólica, como as novas liñas de traballo en torno á biomasa e á enerxía undimotriz.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2020 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro VI:

- a) PA 3.1. Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.
- b) En 2020 desenvolveranse, entre outras actuacións, desenvolvemento sostible de zonas pesqueiras, investimentos en activos fixos das explotacións agrarias, prevención de danos causados por incendios forestais, desastres naturais e catástrofes, transformación dos produtos da pesca e da acuicultura, axudas a xoves para desenvolvemento de explotacións e empresas, investimentos produtivos na acuicultura, diversificación e modernización das empresas acuícolas, mellora de camiños, establecemento e mantemento de zonas forestais, axudas a zonas con limitacións naturais, zonas de montaña.
- c) PA 3.2. Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono
- d) As actuacións con maior importe financeiro da PA serán: estacións intermodais de Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Vigo, axudas de aforro e eficiencia enerxética nos centros públicos do sistema universitario galego, axudas a proxectos de enerxías renovables, axudas de aforro e eficiencia enerxética, , axudas a proxectos de biomasa.
- e) PA 3.3. Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados.
- f) Neste terreo realizaranse actuacións de cara ao Xacobeo 2021, a promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia, actuarase sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e dos albergues.
- g) Realizaranse actuacións de fomento e desenvolvemento de Galicia como destino turístico, promoción e potenciación do turismo, mellora e fomento do turismo en zonas rurais, sinalización no Camiño de Santiago, actuacións nos albergues do Camiño de Santiago.
- h) PA 3.4. Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial.
- i) As principais actuacións desta prioridade están relacionadas con actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente, obras do Plan Urbe, redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático, axudas para redaccións de plans urbanísticos, actuacións de conservación e protección da biodiversidade, creación, mellora e ampliación de servizos locais básicos.
- j) PA 3.5. Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

- k) En 2020 desenvolveranse principalmente actuacións de ampliación e mellora da EDAR de Placeres en Pontevedra, saneamento de Cabanas en Pontedeume e da Malata en Ferrol, melloras dos sistemas de saneamento e depuración en Rianxo, na zona norte da ría de Ares (cítanse as principais actuacións deste tipo), impulso da prevención e a reciclaxe dos residuos industriais.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2020 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 21: Gasto orzamentario 2020 Eixe III

E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	Importe	% total	% eixe
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	645.423.611	6,3	59,9
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	79.392.271	0,8	7,4
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	73.835.909	0,7	6,8
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	223.373.291	2,2	20,7
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	56.300.591	0,6	5,2
Total	1.078.325.673	10,6	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 29: Distribución gasto orzamento 2020 do Eixe III por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO.

A sociedade da información está a mudar todos os negocios tradicionais cara a unha produción de bens e servizos a medida e con unha demanda moito máis esixente e informada grazas ao uso das TIC. Resulta preciso por tanto, contar coas infraestruturas axeitadas, fomentar as competencias dixitais entre a cidadanía e adaptar os sistemas produtivos e canais de venda das empresas a estas novas tecnoloxías para aproveitar todas as vantaxes que poñen ao noso alcance.

O impulso do autogoberno a lingua e a cultura de Galicia como fontes de riqueza e elementos básicos da identidade da Comunidade Autónoma. Resulta estratéxico para o progreso como rexión, procurar a dinamización e fomento da cultura galega, a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2020 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro VII:

- a) PA 4.1. Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.
- b) As principais actuacións que se desenvolverán serán: modernización das redes do sector público, fomento da modernización e innovación tecnolóxica, a dotación de medios para unha administración dixital, solucións tecnolóxicas dixitais, o desenvolvemento do Plan de Banda Larga 2020 e a modernización das TIC en distintos ámbitos sectoriais como en sectores tractores, no transporte público, e no servizo público de emprego. No ámbito cultural, fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas galegas mediante axudas á produción artística e en materia cultural e estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a súa demanda por parte da cidadanía.
- c) PA 4.2. Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.
- d) Desenvolveranse accións investimentos en bens do patrimonio cultural destinados ao uso social, actuacións de protección no patrimonio cultural, campañas de normalización lingüística, accións de conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor de bens que integran o patrimonio cultural, adquisicións de fondos bibliográficos, actividades culturais e de promoción do libro e da lectura, promoción das actividades e dos contidos dos museos e centros de interpretación do patrimonio cultural e o fomento do uso da lingua galega e cursos e actividades de formación.
- e) PA 4.3. Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.

- f) Por un lado, realizaranse actuacións en materia de construción e rehabilitación de infraestruturas xudiciais como o edificio xudicial de Vigo, incluídas medidas de aforo e eficiencia enerxética, modernización da administración de xustiza así como a cobertura da asistencia xurídica gratuíta, e en materia de protección civil e seguridade, actuacións ligadas a adquisición de infraestrutura tecnolóxica, equipamento e instalacións do do Centro de Atención de Emerxencias 112 (CAE 112), o financiamento dos consorcios provinciais contra incendios, as infraestruturas e equipamentos nos servizos de emerxencias e protección civil, así como a formación en materia de emerxencias.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2020 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 22: Gasto orzamentario 2020 Eixe IV

E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	Importe	% total	% eixe
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	235.448.570	2,3	44,7
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	51.831.768	0,5	9,8
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	239.389.804	2,4	45,5
Total	526.670.142	5,2	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 30: Distribución gasto orzamento 2020 do Eixe IV por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 5. ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE.

Para acadar os anteriores obxectivos precisamos unha administración eficiente, moderna, flexible e transparente, que preste servizos públicos de calidade e axude a resolver os problemas dos cidadáns e das empresas.

Para iso, precísase un persoal comprometido que debe mellorar a súa formación continua, especialmente no que atinxe a adquisicións de destrezas no manexo das TIC; pero tamén unha administración moderna debe explorar novos sistemas para incentivar o rendemento e flexibilidade que recoñezan máis a quen máis valor aporta ao servizo público.

A xeneralización dos servizos públicos dixitais e do e-goberno, debe contribuír a acadar a excelencia na xestión, posibilitando importantes economías por substitución dos sistemas tradicionais baseados no papel, e por economías de escala.

Estas novas tecnoloxías xerarán novos requirimentos e perfís profesionais, mais tamén, deixarán obsoletos un volume aínda maior doutros oficios e traballos; por iso é precisa a flexibilidade no movemento dos equipos de traballadores.

A administración debe tamén actuar como exemplo e sector tractor das principais políticas antes enunciadas, dende a innovación, implementando a compra pública innovadora e converténdose nun axente innovador en si mesmo, ata a rehabilitación dos seus edificios administrativos e vivenda pública, pasando pola eficiencia enerxética, a normalización lingüística e o dominio das linguas estranxeiras, a internacionalización, a aplicación de criterios de igualdade de xénero e non discriminación, a integración social e a protección da familia e a conciliación.

Para iso desenvolveranse as seguintes Prioridades de actuación cos seus correspondentes obxectivos instrumentais:

PA 5.1. Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público. As principais actuacións neste apartado serán accións formativas para os empregados e empregadas públicas e desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos.

PA 5.2. Administración financeira transparente, eficiente e orientada a resultados, con actuacións de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión, de renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía como por exemplo a rehabilitación do edificio Benito Corbal e a remodelación de San Caetano, de garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica, de garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón

en aplicar con contundencia as xa existentes e de reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2020 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 23: Gasto orzamentario 2020 Eixe V

E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	Importe	% total	% eixe
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	13.057.753	0,1	8,2
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	146.226.135	1,4	91,8
Total	159.283.888	1,6	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 31: Distribución gasto orzamento 2020 do Eixe V por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

